

# Plan de acollida no curso 2020-2021

CPI Alcalde Xosé Pichel

## ÍNDICE

a) Contextualización.

b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

a) Contextualización.

Segundo a Instrución do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”. O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás instrucións citadas, o Programa de Acollida Covid 19 do CPI Alcalde Xosé Pichel, para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 10 de setembro.

b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

Seguindo o Plan de Adaptación á situación COVID-19 do CPI Alcalde Xosé Pichel achégase a seguinte organización e instrucións para a Comunidade Educativa.

### **Equipo Covid-19**

1. Coordinador: Carlos Fernández Fernández
2. Responsable EI-EP: Virginia Pampín Martínez
3. Responsable de ESO- Beatriz Villar Galán.

### **Determinación do espazo de illamento COVID-19:**

1. Edificio de EI-EP: Aula de titoría
2. Edificio de ESO: Aula de mediación
3. Elementos de protección: máscara, xel hidroalcolico, panos desbotables, desinfectante e papeleira de pedal.

## **Entradas e saídas:**

### **ENTRADAS**

En Educación Infantil, 1º e 2º nivel de EP farán as filas no patio cuberto nos espazos asignados e debidamente marcados no chan para cada grupo. Cada grupo será recepcionado polo titor/a correspondente.

1. O alumnado transportado será acompañado polas acompañantes de transporte escolar ata o patio cuberto.

O alumnado de EI non transportado, poderá ser acompañado por un proxenitor ou responsable ata o patio cuberto acompañando aos seu fillo/a ata a subida as aulas.

O alumnado, os seus acompañantes e o profesorado entrará no recinto escolar coa máscara posta e a manterá nos espazos de uso común sinaladas segundo o protocolo.

O alumnado de 3º a 6º de primaria entrará no recinto escolar coa máscara posta, e accederá directamente ao edificio pola porta correspondente accedendo directamente a súa aula e sendo recepcionado alí polo profesorado que teña clase na 1ª sesión.

O resto do profesorado fará as gardas de custodia de entrada da seguinte forma:

- Dous mestreas no portalón da entrada principal non permitindo entrar ao recinto a ningún adulto agás o que acompañe ao alumnado de Infantil.
- Un mestre/a na porta de acceso ao edificio en primaria.
- Un mestre/a na porta de acceso de educación infantil.
- Un mestre/a no descanso das escaleiras de primaria.

O alumnado de ESO entrará no recinto coa máscara posta, e accederá directamente ao edificio, subindo ás aulas pola escaleira e porta correspondente a cada un dos niveis (1ª escaleira: 2º e 3º de ESO, 2ª escaleira: 1º e 4º de ESO). Será recepcionado polo profesorado de garda de custodia.

### **SAÍDAS:**

- As saídas faranse de forma escalonada establecendo un horario flexible para cada nivel, e pola porta de saída correspondente:

- As saídas pola porta de **Infantil** levaranse a cabo nas seguintes quendas:
  - **15:45:** Alumnado de 4º e 5º de EI
  - **15:50:** Alumnado de 6º EI
  - **15:55:** Alumnado de 1º nivel de EP
  - **16:00:** Alumnado de 2º nivel de EP
  
- As saídas pola porta de **primaria** levaranse a cabo nas seguintes quendas:
  - **15:45:** Alumnado de 3º nivel de EP
  - **15:50:** Alumnado de 4º nivel de EP
  - **15:55:** Alumnado de 5º nivel de EP
  - **16:00:** Alumnado de 6º nivel de EP
  
- O alumnado sairá acompañado polo seu titor ou especialistas, en función da última sesión, ata a porta de saída do recinto escolar, entregandoo aos pais do alumnado non transportado .
  
- O pais/nais/titores legais do alumnado de EI poderá acceder ao recinto escolar para recoller aos seus fillos/as e debendo abandonar o recinto escolar evitando aglomeracións.

**COMEDOR:** A baixada de alumnado ao comedor farase directamente dende as aulas, baixando de forma ordenada e escalonada, sendo as colaboradoras do comedor quen recollan nas aulas ao alumnado. O profesorado será o encargado de acompañar ao alumnado que non faga uso do comedor e o entregue ao seu responsable no punto de recollida asinado.

- **O horario de recollida será o que segue a continuación:**

- 12:40: 3º / 4º de EI – 3º EP
- 12:45: 5º EI – 4º EP
- 12:50: 1º EP – 5º EP
- 12:55: 2º EP – 6º EP

## **RECREOS:**

- O alumnado sairá ao recreo de forma gradual sendo os tutores/as ou especialistas os que marquen a saída dos mesmos tendo como indicación prioritaria a evitación de aglomeracións e mestura de alumnado de diferentes niveis.
- No patio o alumnado terá asignado un espazo de xogo para cada grupo de convivencia estable.
- O recreo será custodiado por dez mestres que estarán localizados en lugares estratéxicos que permitan a vixilancia de todos os espazos sinalados.
- Durante os recreos non se abrirá a biblioteca.
- Os días de choiva, o alumnado terá asignados por días os espazos do patio cuberto, podendo facer uso deste espazo de forma voluntaria. Nese caso serán custodiados polo titor/ra do mesmo. O resto do alumnado permanecerá na aula tamén custodiados polos seus tutores e relevados polos especialistas que farán gardas polos andares.
- Cada zona estará asignada a un grupo de convivencia estable.
- Os rombos vermellos designan a posible ubicación dos mestres de garda.



- Uso de máscara no centro: O alumnado e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras en todo momento, agás en EI, onde se favorecerá a adaptación e familiarización co uso da máscara, sendo moi recomendable, nas entradas e saídas, nos recreos, nos desprazamentos, aseos,...
- Normas para a realización de eventos e festividades: este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro. Deste xeito, e salvo mellora enorme da situación epidemiolóxica non se celebrará o Magosto/Samaín, o Festival de Nadal e o festival de Entroido. As saídas didácticas, se se considera oportuno por parte do equipo docente, poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as normativas de transporte. Aconséllase que se realicen dentro da propia contorna e ao aire libre.
- Aforos: A limitación de aforo para os baños será ao 50% da súa capacidade, e nas salas de profesorado o aforo máximo será de 10 persoas.
- Recreos: manterase o mesmo o horario pero dividirase o patio en diferentes espazos para cada unha das clases ( ver plano anterior)
- Merendas: realizarase de xeito individual en espazos diferenciados. No caso de ser posible farase no patio exterior para garantir o distanciamento e sempre que as condicións climatolóxicas o permitan.
- Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio)

### c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

- Corresponde a empresa de limpeza actual do centro, SAMYL S.L., xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medidas de limpeza e hixiene dos espazos se refire.
  - Creación do Equipo Covid que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021.
  - Determinación do espazo de illamento COVID: sala de titoría de EI/EP e aula de mediación de ESO. Os elementos de protección, así como as indicacións para proceder en caso de illamento aparecen recollidos no Plan no punto 4.
  - Medidas xerais de protección individual recollidas no Plan de Adaptación.
- \*Dotar a todas as aulas con solución hidroalcohólica, desinfectante, papeleiras de

pedal e papel desbotable

- Rexistro, inventario e protocolo de compra e difusión do material de protección recollidas no Plan de Adaptación.
- Xestión de abrochos: recollida no Plan de Adaptación.
- Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor.
- Espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5/10 minutos e labores de limpeza básica do espazo e material de traballo persoal.
- Incluírse no horario de aula diario os momentos de lavado e desinfección de mans e “postos de traballo” ao final das actividades do día e despois da merenda, para crear hábitos e rutinas de hixiene.
- Establecer como rutina de aula a limpeza dos espazos de traballo individual por parte do alumnado ao rematar a xornada. Eles teñen a suficiente autonomía para realizar esta tarefa baixo a supervisión do profesorado.
- Realizar a psicomotricidade e outras actividades de aula, sempre que a climatoloxía o permita, ao aire libre.

d) [Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.](#)

- O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- Neste vindeiro curso, o profesorado participará a través dunha liña de traballo do PFPP na actualización desta formación.
- En calquera caso, o coordinador do equipo TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica).

e) [Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión](#)

- O obxectivo do CPI Alcalde Xosé Pichel segue a ser desenvolver unha aprendizaxe



favorecedora da educación integral do alumnado, en convivencia positiva, na que a diversidade sexa eixo vertebrador, evitando todo tipo de discriminación no proceso educativo, respectando e valorando as diferenzas que existen entre as persoas que aquí conviven e que ten como base a aprendizaxe manipulativa, construtiva, cooperativa e humanística.

- Potenciarase unha educación eficaz e competencial en base a adquisición de hábitos saudables, e dinámicas de traballo cooperativo, que prepare ao alumnado para a participación activa na vida real no momento presente e futuro, dende unha perspectiva persoal, social, científica, humanística, histórica, artística, académica e profesional.

- Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras. Por este motivo o alumnado en ocasións traballará por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras propias do noso PE como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.

- A aprendizaxe das medidas hixiénico-sanitarias serán eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten no momento histórico actual.

- Durante a asemblea inicial dentro da aula e diariamente lembrarase, empregando a cartelería de aula, os seguintes aspectos ao alumnado:

1. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.

2. Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.

3. Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento. Prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días

do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase a realización unha vez sentados na aula. Valoración en grupo aula desta medida e posta en común do acontecido para establecer aquilo no que temos que mellorar.

4. Seguimentos da cartelería nos accesos ás aulas e aos espazos comúns.
5. Uso na dinámica de aula dos dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e en espazos comúns.
6. Medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada grupo, creación de normas de aula entre o alumnado.
7. Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van ao baño) ademais de medidas de educación sanitaria.
8. Emprego de xabón e papel para secar as mans, na aula e nos espazos correspondentes coma o baño.
9. Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
  - Ao ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
  - Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
  - Manter a distancia física recomendada fóra da aula estable e dentro sempre que sexa posible. Empregar a máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e de como poñela e sacala de xeito lúdico e manipulativo.
10. Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co resto do persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso.
11. Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas por parte do alumnado do profesorado e do persoal de limpeza asignado. Esta dinámica será sistematizada no desenvolvemento habitual da aula. O profesorado fará o mesmo e servirán de exemplo.
12. O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre empregarán o espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.
13. Os equipos de traballo e material manipulativo de uso común desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa, gardando corentena de

24h se é o caso.

14. As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

Cabe salientar que este é un plan aberto, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello e Consellería) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden. Tanto o equipo directivo deste centro como o resto de persoal docente, non ten formación nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.